



CONVOCATORIA DE CERTIFICACIÓN Á INNOVACIÓN EDUCATIVA EN APRENDIZAXE-SERVIZO 2017

1. Definición de Aprendizaxe-Servizo

A Aprendizaxe-Servizo (en adiante ApS) é unha proposta educativa que combina procesos de aprendizaxe e servizo á comunidade nun só proxecto, no cal as persoas participantes se forman traballando sobre necesidades reais da contorna co obxectivo de melloralas (Puig et alii, 2011). Trátase dunha actividade que integra o servizo á comunidade coa aprendizaxe de contidos e a adquisición de competencias a partires da práctica reflexiva. A principal diferenza co voluntariado reside en que os proxectos de ApS dan resposta sempre a resultados de aprendizaxe asociados a unha materia do currículo académico co obxectivo de acadar determinadas competencias propias da titulación na que se enmarca esa materia. No contexto dos plans de estudos da UDC, unha proposta de ApS podería efectuarse no marco das distintas materias dunha titulación así como tamén, no dos TFG, TFM ou Practicum.

O **Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa** e a **Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade da Coruña** abren a convocatoria a todo o profesorado desta universidade que realizara unha actividade de Aprendizaxe e Servizo durante o curso académico 2016/2017.

2. Obxecto da convocatoria

O propósito desta convocatoria é recoñecer e incentivar o exercicio e a calidade de iniciativas de innovación educativa que empreguen a metodoloxía de aprendizaxe e servizo dentro do marco curricular da UDC, durante o curso académico 2016/2017.

3. Requisitos

Terá dereito a solicitar a avaliación da súa actividade de aprendizaxe e servizo o persoal docente e investigador da UDC que teña vinculación no POD coa materia ou materias nas que se desenvolveu o proxecto.

O proxecto de ApS só se poderá levar a cabo con aquelas entidades coas que exista asinado un convenio de colaboración.

O proxecto de ApS debe estar claramente enmarcado no contexto curricular dunha materia e contribuír ao logro dos obxectivos e/ou competencias que esta teña asociados.

4. Prazos e presentación de solicitudes



As persoas solicitantes deberán presentar a súa solicitude por rexistro¹ dirixida á Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente, así como tamén remitir unha copia en formato dixital ao enderezo de correo electrónico innovacion.cufie@udc.es. O prazo para ambos procedementos prolongarase desde o día seguinte á publicación desta convocatoria ate o día **15 de setembro de 2017** ás 15:00h.

A documentación a entregar será a seguinte:

- a) Formulario de solicitude segundo modelo que se achega como Anexo I a esta convocatoria.²
- b) Copia do Anexo ao Convenio de Aprendizaxe-Servizo asinado coa entidade receptora do servizo.
- c) Memoria do proxecto, cumprimentada segundo o documento-modelo que se achega como Anexo II a esta convocatoria².
- d) Probas gráficas e/ou documentais que xustifiquen a realización efectiva do proxecto.
- e) Presentación (en PowerPoint ou similar) breve e gráfica con finalidade divulgativa que resuma os aspectos principais do proxecto e as reflexións e conclusións dos participantes. Non é obrigatorio entregala por rexistro, pero si que debe incluírse no envío en formato dixital.

No suposto de que o proxecto fose froito dun traballo conxunto e ligado a varias materias, cada un/unha dos profesores integrantes do grupo deberá detallar na solicitude as aprendizaxes curriculares do alumnado para cada unha das materias que participaron no proxecto, facendo mención expresa na correspondente memoria, do alcance da súa propia contribución persoal ao traballo colectivo.

- a. A comisión poderá solicitar en calquera momento do procedemento administrativo os documentos orixinais a partires dos cales se xeraron as copias incorporadas á solicitude, co fin de contrastar a súa validez e concordancia.
- b. A presentación da solicitude nun modelo distinto do establecido para a Convocatoria conducirá á exclusión e non avaliación da solicitude.

5. Procedemento de avaliación

¹ En calquera dos rexistros oficiais da UDC: Reitoría, Campus de Elviña ou Campus de Esteiro en Ferrol.

² Dispoñibles para a súa descarga na seguinte ligazón:

<http://www.udc.es/cufie/INNOVACION/ApS/ConvocatoriaAps2017.html> .



As propostas de resolución e a conseguinte resolución estarán suxeitas aos seguintes criterios de valoración:

- Aprendizaxe. As aprendizaxes a adquirir están relacionadas co curriculum académico do alumnado (30% da puntuación global). Menos dun 20% neste criterio suporá a exclusión do proxecto.
- Repercusión do servizo. Xustifícase axeitadamente que o servizo responde a unha necesidade real previamente detectada e acordada entre as partes (15% da puntuación global).
- Reflexión. A planificación do proxecto contempla tarefas de reflexión sobre o impacto e a calidade do servizo a realizar, presentando evidencias que demostran os cambios nos coñecementos, actitudes ou habilidades das persoas participantes (10% da puntuación global).
- Implicación do persoal docente. O profesorado fai un seguimento continuo co alumnado e coa entidade de todo o proceso e aporta evidencias (10% do global).
- Avaliación. Planifícase a avaliación na formulación do proxecto. Recóllense evidencias antes, durante e despois do desenvolvemento do mesmo. Empréganse indicadores. Faise unha valoración cuantitativa e/ou cualitativa con todas as partes implicadas (PDI, alumnado e entidades) (15% do global).
- Orixinalidade da proposta (10% do global).
- Proxección. Posibilidade de xeneralización e replicación da proposta e de converterse nunha práctica docente estable (10 % do global).

A puntuación máxima que cada proxecto poderá acadar é de 100 puntos, precisando un mínimo de 50 puntos para obter a certificación.

6. Resolución

A comisión encargada da valoración das solicitudes será designada polos directores do CUFIE e a OCV e estará formada por:

- a) Unha persoa representante das entidades receptoras do servizo que teña participado previamente nalgunha experiencia de ApS da UDC.
- b) Dous docentes que teñan participado nalgunha experiencia de ApS da UDC.
- c) Un/unha alumno/a que teñan participado nalgunha experiencia de ApS da UDC.



- d) Un director de algún dos servizos implicados (CUFIE ou OCV), que actuará como presidente.
- e) Un/unha técnico/a por cada un dos servizos implicados (CUFIE e OCV), que actuará como secretario/a.

Nun máximo dun mes desde a fin do prazo de presentación das candidaturas, a Comisión fará pública a correspondente resolución provisional. Nela indicárase a identidade da persoa ou das persoas que conseguiron a certificación, o título do proxecto que realizaron, así como tamén o título dos proxectos que non obtiveron o recoñecemento e os motivos polos que este lles foi denegado.

Contra a resolución provisional, as persoas interesadas poderán presentar reclamación no prazo de 10 días contados dende a data da súa publicación. Analizadas as reclamacións, a comisión fará pública a resolución definitiva.

Unha vez publicada a resolución definitiva procederase á certificación do persoal docente participante, por parte do CUFIE e á certificación do alumnado, por parte da OCV.

Contra a resolución definitiva, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de alzada perante a Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente no prazo dun mes, a contar a partires do día seguinte ao da publicación da resolución definitiva na páxina web da UDC.

A Coruña, 28 de abril de 2017

A Vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente

Nancy Vázquez Veiga



ANEXO I. IMPRESO DE SOLICITUDE PARA CERTIFICACIÓN DE PROXECTOS DE APS

Título do proxecto de ApS:
Docente/s responsable/s:
Entidade/s receptora/s do servizo:
Teléfonos de contacto e/ou extensión do/as docentes:
Enderezo electrónico do/as docentes:
Titulación e Materia/materias nas que se enmarca o proxecto:
Ano académico e Cuadrimestre:

Documentación que se achega:

- ☐ Copia do Anexo ao Convenio de Aprendizaxe-Servizo asinado coa entidade receptora do servizo.
- ☐ Memoria do proxecto de Aprendizaxe-Servizo segundo modelo do Anexo II.
- ☐ Probas gráficas e/ou documentais que xustifiquen a realización efectiva do proxecto.
- ☐ Presentación-resumo do proxecto con finalidade divulgativa.

A Coruña, _____ de _____ de 2017

Asinado:

SRA. VICERREITORA DE OFERTA ACADÉMICA E INNOVACIÓN DOCENTE



**ANEXO II. MODELO DE MEMORIA PARA EXPERIENCIAS DE APRENDIZAXE –
SERVIZO NA UDC**

Título do proxecto	
Docente/s responsable/s da/s materia/s nas que se enmarca:	

1. Presentación e descrición da experiencia:

- 1.1. Descrición do servizo *(breve descrición na que se detallen tanto as necesidades detectadas como a resposta que se lle dá a través do servizo):*
- 1.2. Obxectivos do servizo
- 1.3. Entidade/s receptora/s do servizo
- 1.4. Persoas destinatarias do Servizo
- 1.5. Participantes / Colaboradores
- 1.6. Desenvolvemento da experiencia *(detallar como foi o proceso de implantación da experiencia)*
- 1.7. Evidencias recollidas e sistema de avaliación do funcionamento do servizo durante o seu desenvolvemento

2. Adquisición de competencias, aprendizaxe e sistemas de avaliación do alumnado:

- 2.1. Competencias da/s materia/s adquiridas
- 2.2. Resultados de aprendizaxe
- 2.3. Sistemas de avaliación e seguimento dos coñecementos adquiridos polo alumnado

3. Resultados da experiencia aprendizaxe-servizo: *(Aquí pódense incluír datos de participación, niveis de satisfacción e reflexións textuais dos participantes, aspectos a mellorar, etc.)*